Este trimestre os nenos e nenas de Educación Infantil, de 3 anos, estivemos a estudar as nosas mans e aprendimos moitas cousas, comezando deste xeito a nosa andaina no colexio.
As mans son o primeiro descubrimento relativo ao noso corpo que facemos cando somos pequenos. Este é o noso primeiro xoguete, con elas comezamos a coñecer o mundo e aprender del, posibilitan a autonomía e transmiten seguridade e a posibilidade de intervir no entorno inmediato.
As mans fan tanto por nós… Son quen de desempeñar una gran variedade de funcións: con elas expresámonos, comunicamos sentimentos, emocións, afectos… Son una parte vital porque definen quen somos e como nos vemos a nos mesmos.

DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

Iniciamos este proxecto observando unhas mans feitas por un escultor que se chama Lorenzo Quinn, e falamos sobre elas. As mans que fai este escultor son moi grandes, están en distintas posicións e son moi bonitas.
Tamén miramos as nosas mans e decatámonos que con elas podíamos facer un montón de cousas: con elas podemos pegar, acariñar, tocar, comer, sinalar…
Observamos que nelas temos uñas, dedos, e que todos son distintos. Pero o que non sabíamos, e queríamos coñecer, é como eran as nosas mans por dentro. Vimos que tiñamos pel e había tamén uns tubiños por onde vai o sangue.
Un día xogamos a non ter mans e resultounos todo moi difícil, xa que para sair da clase tivemos que abrir a porta coa boca, e a porta de fora abrímola co corpo. Pero cando caia algo ao chan non éramos quen de recollelo. Que difícil sería se non as tivésemos!!!
Os papás e as mamás axudáronnos tamén a buscar información. Para saber como eran por dentro, trouxéronnos ao cole radiografías e vimos os seus osos. Había moitos, uns eran longos, outros eran curtos, contamos cantos osos tiñamos en cada dedo, observamos por onde se dobran os dedos… e fixemos un traballo onde poñíamos algún dos osos da nosa man.
Tamén vimos como eran as "mans" dos animais: do burro, da vaca, do gato , do can… e decatámonos de que eran distintas ás nosas.
A medida que fomos traendo información á escola comentámola e falamos sobre ela, e entre todos elaboramos distintos murais na clase.
Outra das actividades que nos gustou moito foi a das cancións das máns, aprendimos una titulada "Pupurri de manos" que cantamos no Festival de Nadal e algunha poesía que falaba dos nomes dos dedos.
Pero a mellor de todas, foi facer a silueta das nosas mans. Primeiro pintámola coa pintura de dedos e despois puxémola no papel e no mural da clase.
Descubrimos como as mans se poden transformar en distintas cousas: en leóns, en elefantes, en gatos… ou tamén en pitiños ou pavos reais, e tamén nun Papá Noel.
Un cadro que traballamos neste proxecto foi " As Mans" dun pintor que se chama Romero Britto . Observamos todas as cores que utilizou para facelo, como era o tamaño das mans, as cores do fondo … e despois pintámolo nós, tentando imitalo. Tamén descubrimos una cova chea de mans que foi pintada polos homes primitivos, aínda que nela había pintadas ademais serpes e outros animais.
Unha nena de primeiro que non ve, veunos a contar o conto dos "tres porquiños" en Braille, ela lía utilizando as súas mans e sabía que debuxo era tocándolle cos seus dedos.
Algúns nenos da clase contáronnos que as persoas xordas falan utilizando as mans, a través da " linguaxe de signos", e vimos e escoitamos como se representaba o conto dos tres porquiños utilizando esta linguaxe.
Xa para rematar, ainda que o falamos ao longo deste proxecto, recalcamos a importancia das mans limpas, das uñas curtas e de lembrar limpalas antes de comer.

O CORO ESCOLAR

ESTREAMOS CORO!

Este curso temos boa nova musical! Seica as profes de Música, Chus e Adela confabuláronse para musiquear un pouco máis da conta e aquí temos o resultado: Habemus coro!
Polo de agora aínda andan algo en cueiros polo que imos ter que agardar un pouco ata escoitalos desde enriba dos escearios. Pero se tendes moita curiosade por saber como soan, podedes pegar a orella á aula de Música os xoves á hora do recreo e escoitaredes as melodiosas voces destes pequenos e voluntariosos cantores que tanto entusiasmo están a amosar todas as semanas. Moito ánimo cantareir@s!!!